

OS VALORES ETICOS EN CASTELAO

LOIS TOBIO

Seminario de Estudos Galegos

Hai quen ven a este mundo traguendo do alén a regalía do xenio. Ninguén sabe cal é a orixe dese herdo misterioso. Cicáis teña algo que ver con vidas devanceiras ou coa lembranza socrática. Pois non cremos o que di Unamuno de que o xenio sexa somente unha grande paciencia. Sen dúbida que moitas veces precisa dela para agromar e se espallar. Pero non está nela a súa raigaña. Ese xermolo durme no fondo da alma, como di a rima de Bécquer, e agarda o seu espertamento. E dadoito, o portador dese carisma realiza o seu despregue sen maior esforzo, como xogando, e mesmo cun gozo e cunha cobiza que non é quen a coutar. Pénsese neses nenos que ao mellor inda non saben ler e xa tocan o piano e mesmo chegan a compor pezas de música.

Castelao era un destes. Otero Pedrayo, o seu grande amigo que tan ben o coñecía, decrara que "tiña algo superior... que era o xenio" (1). Tragufa consigo o xenio para a arte, máis que nada para a arte plástica, para o debuxo sintético e expresivo, mal chamado caricatura, esa alteración da lóxica xeométrica en beneficio da expresión. Bergson ten sinalado coma cos parámetros matemáticos dunha faciana ou dun corpo non chegamos a nos formar unha idea da fisonomía ou do aspecto dunha persoa e que somente podemos acadar esto pola vía intuitiva. Castelao tiña ese don da ollada intuitiva e a capacidade de reflexala co lapis, e iso sen que houbese tido mestre a xeito pois foi, de certo, un autodidacto.

Mais non foi soio no plástico, no debuxo expresivo, no que se revelou o xenio de Castelao. Compre dicir que ese lume misterioso e a súa capacidade expresiva deuse en totalas suas creacións desde a literatura á política. Claro que nel foi tamén a paciencia factor de grande axuda. Non deixou durmir o seu xenio senón que traballou arreo para acadar o seu máis amplo desenrolo. Castelao foi un extraordinario traballador sen acougo en todo o que encetou. Causa abraio lembrar as cousas que fixo, tantas e tan variadas, tendo que aturar eivas físicas e mágoas morais case sen trégola. O destino que lle dera o don divino do talento para o debuxo marcouno tamén cunha doenza da vista que o atormentou toda a vida e facía máis caristiano o seu traballo. Pero a todo se sobrepuña e nunca se daba por vencido. Tiña unha vontade de ferro e este é un rasgo seu que hai que pór na conta do seu tempre moral.

Coma se sabe, Castelao cultivou moi diferentes eidos. Sentíase a xeito e no seu tanto si facía debuxos como se escribía contos ou novelas ou recollía dados

(1) Otero Pedrayo, Ramón, *A miña amizade con Castelao*, Sada, 1986, p. 41.

etnográficos ou compuña pezas de teatro ou armaba decorados ou facía conferencias ou discursos na rua ou no Parlamento. Variaban as formas de se espresar pero o espírito era sempre o mesmo. Esa multiforme actividade viña, endemáis, esixida pola especial situación en se atopaban os que daquela traballaban polo soerguemento de Galicia. Coma eran poucos e compría facer moitas cousas había que traballar en moi diversos terreos. Esta necesidade esprica o feito de que non houbese moitos especialistas rigurosos.

Eses homes e mulleres de que denantes falamos, que levan en sí un talento xenial, que logo desenrolan polo seu traballo, adoitan poñe-lo que fan ao servizo de algo que é o que aguilloa e da senso ao seu labor e mesmo á súa vida. Para úns a creación en sí, o puñar polo desenvolvemento e avantamento da arte, ciencia ou o que sexa, constitui o obxectivo fundamental, o engado que os atrai, mantén e sostén. Atal é o caso do artista que atopa novos camiños no arte, que albisca horizontes inéditos, que abre portas que encetan unha escola, un novo estilo, unha maneira nova de enxergar o seu arte. Estes son, ás veces, coma místicos ou ascetas dese ideal, para o que viven e para o que mesmo se sacrifican materialmente. A ledicia que lles da o seu fosallo compensa as dificultades dunha vida dura ou gris que eles sinten alumiada cos seus soños e os seus esforzos. Para outros creadores a motivación dominante é a de atinguir sona, facerse famosos, acadar títulos, arrecadar premios, seren académicos, vaidade pura ou tamén arela de poder e influxo. E aínda hai os que pensan máis ca nada no afán de se enrequecer, de gañar diñeiro. Pero alén destes tipos, hai outro que é o do creador que pón a súa obra ao servizo dunha finalidade ética, do ben e melloramento do ser humano, do próximo. Estes creadores son os que soen chamarse artistas ou escritores ou homes de ciencia comprometidos, ou políticos idealistas. Deles era Castelao.

Non o foi desde o comezo da súa actividade. Castelao, autodidacto, principiou cedo o seu traballo, levado da gracia que recibira coa nacemento e do pulo que dentro sentía. Os que reciben ese don do xenio creador sinten coma unha forza interior que cuase os preme a crear, a axir. A eso alude en varias ocasións Pondal:

tal do meu ser no fondo
levo unha lus lanzal
.....
e me obriga e espolea
a fantasía audaz
.....
e cunha forza inxente
me compele a cantar

Non poden resistila, sinten coma un desacougo que só se acalma cando están a traballar, a crear. E chegado este intre, experimentan coma un gozo interior, unha sereidade, un estado de beatitude, polo que puidera pensarse que hai tamén nelo un compoñente hedonista e egoísta anque de alto e nobre degrau. "Debíamos dar gracias de xionllos por podermos pintar", ouvinlle dicir certa vez a un gran pintor xa morto.

Castelao, na súa etapa primeira, a primeira mocidade unha miga treboenta, bohemia e algareira, compón debuxos comentados, de tipo cómico, costumbrista e mesmo choqueiro. É un arte de baixo nivel, que soio percura a risa superficial, o dos tempos de "Vida Gallega". Pero chega un momento en que experimenta unha conversión radical, atopa o seu camiño de Damasco. E arrenega do seu inmediato pasado. Asina describe el a súa conversión:

"Na miña primeira mocidade, dina da Casa da Troya, cando a miña ialma sufría de xarampón e non pensaba máis que en saír de tuno tocando a guitarra polas rúas, fixen os primeiros dibuxos humorísticos nunha revista pra americanos. Acúsome de ser eu quen dou empezo a isas carantoñas porcas, a eses monicreques noxentos, a ise humorismo de taberna que inda hoxe campa na mesma revista... Abafado de vergonza confésome culpable e renego da miña primeira mocidade." (2).

Esa conversión traducíuse nunha estremada sensibilidade para perceber e defender os valores éticos atal coma están latentes no fondo da nosa cultura: non a ética oriental do pasivismo e fatalismo, nin a da calvinista predestinación que leva ao superhome e ao desleixamento dos menos dotados, nin a da xusticia matemática do ollo por ollo; senón a ética que defende a xusticia pero adondada co amor e a solidariedade porque o home é feble e devalante e hai que tomalo atal como é, o home real e non o home que debera, se puidera, ser. Cría Castelao na bondade fonda e sustancial do home. "Daniel non tiña realidade do mal", di Otero Pedrayo, "por iso choraba cando o mal era verdadeiro e non se podía negar". Entón as súas palabras eran duras, xusticieiras, anque envoltas nunha néboa de paixón. E despois dun rápido xuicio adverso, dicía, se cadra cun sorriso compasivo: "Mirade, ao millor é bo, pero as cousas" (3). Escomasí, cando o mal era manifesto e grave xurdía nel a "ira dos mansos" de que falaba Unamuno, por certo referíndose tamén a galegos. Cando había que defender a xusticia ou esaltar a Galicia, era duro e forte (4). Nada neso o detiña, nin comenencias ou comodidades, nin compromisos ou arranxos. Pois os valores éticos que inspiraban a súa obra de denuncia alentaron tamén na súa vida, na súa conduta. A ese obxectivo supremo sacrificaba as ventaxes persoais do mesmo xeito que superaba as eivas físicas ou as dificultades de outro tipo que puidese atopar. Era un home dunha enorme valentía calada.

Dendes do seu viraxe espiritual, ha pousa-la ollada na realidade non ca bulra cómica intrascendente que só tenciona facer rir senón con seriedade, gravidade e fondura para tratar de modificar os nosos sentimentos, coma el mesmo di, no senso do ben. E diste xeito, engade, o arte será útil (5). O arte de Castelao percura, pois, unha utilidade, servirá para mellora-lo home: un fito ético. Pero un

(2) En Durán, J.A., *El primer Castelao. Antología y biografía rotas (1910-1916)*, Madrid, 1972, p. 31.

(3) Otero Pedrayo, Ramón, "Castelao ou o rumor conxunto das vidas e camiños de Galicia", *Grial*, 85, p. 271 (1984).

(4) Otero Pedrayo, *A miña amizade...*, p. 12.

(5) Durán, *op. cit.*, p. 49.

fito ético concreto, achegado, do hoxe e do eiquí, do que está a carón. Non finalidades abstractas e lonxanas coas que moitas vegadas se acochan ou alonxan os problemas. Hai que desconfiar deses amadores da Humanidade con letra maiúscula, amadores en teoría, deses filántropos de gabinete que non reparan no que pasa a cotío por diante das súas portas, nesas pequenas humanidades.

A realidade que Castelao tiña arrentes seu e que el apreixa era, principalmente a dos labregos e mariñeiros da súa terra coas súas angurias e doores, os seus traballos e fadigas. E faíno estruchando da realidade captada, do detalle anecdótico, o zume derradeiro, o máis mesto e sustancial, a miúdo o máis amargo pero o máis auténtico e verdadeiro. A capacidade de síntesis do seu singular expresionismo serve a maravilla para transmitir de maneira punxente o seu mensaxe. Mais isto non quer dicir que samente nos apresente a faciana moura e fera das cousas e das xentes. Dadoito, para marca-lo contraste, para realzar esa faciana, presenta tamén a outra. E a maiores, temos a súa técnica, plástica ou literaria, o seu estilo, que fuxe do arripiamento, que é sempre delicado mesmo cando amosa esceas que rachan o corazón. Nesto xaz, xustamente, o seu humorismo, a súa dobre visión que enriquece, polo contraste, a eficacia da comunicación, unha dialéctica da expresión ou do estilo inda que poña o énfasis na mágoa. Un cativo vai pola rua cunha botella de aceite na man que a súa nai lle mandou ir mercar. Nun descoido, a botella esbáraselle e escáchase no chan. O rapaz chora e un señor groso e ben aquelado, que está nunha porta, bótase a rir. O humorista, segundo Castelao, debe fixarse máis no cativo que no señor pero debe ollar aos dous. Este humorismo que pandea ao pesimismo era resultado da situación que vía ao seu redor. "Nun país ben gobernado, onde hai dabondo fartura, os humoristas non choran nin firen; por iso non haberá optimismo nos humoristas galegos... teño que afogar as miñas risas diante dunha verdade que chora". O que buscaba era desacougar ás xentes de bon vivir que non queren saber nada da verdadeira realidade do pobo, das grandes masas do seu pobo. Pois "o pesimismo pode ser liberador cando desperta carraxes e cobizas dunha vida máis limpa" (6).

O arte de Castelao non é pois un arte realista porque non recolle a realidade atal como ela é; coas súas luces e as súas sombras, na proporción que compre. El sabe moi ben que na vida sempre hai do ún e do outro mais el altera a relación. Pois a dura vida dos labregos e mariñeiros ten tamén as súas ledicias e festas. "Eu non quixen", di, "canta-la ledicia das nosas festas nin a fartura dos casamentos sinón as tremendas angurias do decotío labrego e mariñeiro" (7). É pois o seu un arte selectivo, que escolle da realidade aquilo que poida servir para basear o seu compromiso ético, a insinanza que quer transmitir. Ten unha misión moralizadora e, neste senso, ven avencellarse á grande tradición adoctrinadora, plástica e literaria, da arte medieval dos "ensiempos" e "moralités", e dos vellos grabados.

Nos seus dibuxos con pé de letra ou nos seus contos con testa de dibuxo remanece esta dobre vertente desequilibrada da banda do pesimismo. Unhas ve-

(6) Durán, *op. cit.*, pp. 50 s.

(7) Durán, *op. cit.*, p. 51.

ces son as iniquidades da orgaización e da vida públicas, o que pon na picota, os que mandan, os curiales, os picapleitos, os trabucos. Outras, os malfados da miseria que ven de súpeto. Outras as calamidades da emigración. Os sentimentos que máis teima pór de releve e espertar son o da xusticia, o da axuda, o da compaixón e o da tenrura. Por maneiras desviadas ás veces, quer inclinar o noso ánimo a seguir eses vieiros cos exemplos que nos presenta. Busca facernos máis sensibeis ao dor alleo, pondo diante dos nosos ollos as cousas tristeiras, magoantes que pasan e nas que, por desleixo ou esquecemento, non reparamos.

A guerra civil acrecentaría o campo do seu ollar, a súa indignación e a súa denuncia. Os males do diario vivir das xentes do seu pobo víranse aumentados cos asaños, persecucións e crimes dos sublevados. O resultado fono esas series de debuxos tremendos que levan os títulos de "Atila en Galicia" e "Galicia mártir". Foi o berro de protesta polos desastres da guerra coma o do seu admirado Goya. Eiquí non son xa as inxusticias, a miseria, a opresión sobre corpos e conciencias, os roubos, a falla de amor e caridade e irmandade, senón o asesinato puro, o sangue verquido, as torturas e enferrollamentos, a caza do home. Castelao acada nestes debuxos o degrau máis agudo da súa defensa dos valores éticos, da dignidade do home.

Pero alén destes problemas de inxusticia social ou de violencia política, Castelao interesouse tamén por outras desgracias que apouviran ao ser humano e que son debidas en boa parte á mesma condición súa, a certas eivas físicas ou morais que teñen algúns sectores marxinados coma os vellos, os cegos, as mulleres e os negros.

A malenconía da vellez, na que a miúdo a soedade, as doenzas e as apreturas económicas amarguran a vida, espertou en Castelao fonda simpatía. Sen dúbida coñecera moitos destes vellos da mariña e do agro e algúns deles recolleunos nas suas historias e debuxos. Dos vellos que se namoran ocupouse na súa peza de teatro, con comprensión e piedade, sen esquecer emporiso de dar a súa advertencia. No conto da parella de vellos que vivía soia escoitando o rechouchío dun xilgaro engaiolado, compre salientar o contraste entre a despedida da muller cando o home morreu (¡Deica logo, Eleuterio!) e a risa da xente ao ouvila "porque ningún se decatava con qué dolor a vella namorada chamara pola morte aquela noite da inverno". Vemos eiquí de novo o contraste humorístico no que a risa dos outros enleva o patetismo da escea.

As historias de dona Florinda, a fidalga que arelaba ter un fillo e que pensou que o tivera no remate da súa vida, e de dona Micaela que perdía un tras outro os froitos dos seus amores testemuñan a piedade de Castelao por este tipo de vellas soias, e tamén a da señá Sinforosa, aquela que rezaba polos afogados cando cruzaba a ría. Mais compre parar unha miga a atención no caso daquela outra que se sentía felís por ter unha filla que a agarimaba e sostiña na súa vellez. Era unha filla que tivera de solteira e nin sabía coma se chamaba o pai: "pero abenzoado sexa o seu nome", dicía. Castelao faise eiquí intérprete do senso moral aberto, comprensivo e humano do noso pobo nesa materia que é, noutros lugares, obxecto de reprobación e axe.

O seu amor constante cara os cegos esplicase pola irmandade que con eles sentía, ameazado coma estaba de cegueira el tamén. Velaí ese cego que aparece no comezo de "Cousas", coa súa expresión calma e paciente, debuxo traballado con delicadeza e detallismo estremados. Ou eses outros que camiñan a tentas, axudándose. En canto aos nenos, estes nenos de Castelao son, en xeral, uns rillo-tes simpáticos, unha miga trasnos, pero sen malicia, e corren atrás dos autos porque teñen pulo e ilusión. Nun conto de "Cousas", pinta Daniel o desencanto do rapaz que viu ao seu pai voltar da América probe e chuchado, cando pensara que era rico e lanzal. E, finalmente, os negros. Por eles sempre sentiu tamén cariño, desde aquel Panchito que trouxera a Galicia un home rico que voltou da América. Máis adiante poderá velos de preto e en masa en Nova York e, cheo de interés e simpatía por eles, debuxará a estupenda serie que amosa o desacougado vivir da-quel sector humán.

Polo mesmo tempo en que Castelao facía a súa conversión no artístico, dándolle un senso social, decidía intervir activamente na política. Primeiro foi unha participación nas puñas localistas de Rianxo, os tempos de "El barbero municipal". Mais axiña vai interesarse polos problemas grandes de Galicia. Decatouse entón de que as mágoas e miserias que sufría o pobo galego eran debidas, en boa parte, ao sistema que se lle tiña imposto desde había séculos, agravado no XIX cas normas unificadoras daquela establecidas. Que o sistema político, administrativo e xurídico que, coma unha estrutura de ferro, agrilloaba o pobo era causante de moitas das pexas e traballos que sufría. Ese sistema, de certo, estaba sos-tido por boa parte da fidalguía no agro e da burguesía nas vilas, que aparecían asina enfrentadas ás masas maioritarias de labregos e mariñeiros. Castelao, di Otero Pedrayo, foi sentindo "que eiquí hai un pobo verdadeiro que está sometido a outro pobo inauténtico, hai un pobo que fixo traición, que foron a maior parte dos señores dos pazos, a maior parte dos intelectuales, e os militares, e os médi-cos, e os marinos, que se marcharon a outra parte e soio veñen eiquí pra explotar as rendas e pra distraerse un pouco, cansos da vida das cidades; en cambio este outro pobo tan podente, tan grande, tan inspirado, tan poético... está o pobre o mesmo que dominado por un diaño malicioso irónico, despectivo" (8).

Viña a se dar asina unha oposición antre a vila, dunha banda, e o agro e a mariña, doutra, na que os do segundo sector achábanse nunha situación de inferioridade e sumisión. Castelao tomou franca posición a favor destes. Durán ten sinalado que, para el, a cidade e o campo manteñen a súa antiga disputa, decrarán-dose "nemigo das cidades" (9). Atopamos eiquí unha certa semellanza coa ideo-loxía do político búlgaro Stambuliski que creou no seu país un sistema político ba-seado no predominio do campo sobre a cidade, unha especie de loita de clases non vertical senón horizontal.

Pero había algo máis. Se as estruturas do sistema mantiñan esmagados aos sectores do agro e da mariña, tamén foran elas -coa axuda asemade dos desleiga-dos da fidalguía e da burguesía- as que desnaturaran e deformaran a persoalidade

(8) Otero Pedrayo, *A miña amizade...*, pp. 35 s.

(9) Durán, *op. cit.*, p. 40.

histórica da nosa terra, a comezar pola lingua. Ese sector da nosa sociedade, instalado aquezadamente nos postos administrativos e profesionais, púxose a imitar simiescamente, con mentalidade colonial, o de fora, as formas prestixiadas polo poder do estado. Era de bon gosto, siño de elegancia e distinción, falar castelán e imitar as modas e xeitos de Madrid. Pero os espíritos máis sensíbeis e profundos erguéronse valentes contra esa sumisión, ese rendimento manso ao de fora. Así coma Pondal falaba de pertencer a un pobo "que a alma perdíu", Castelao dicía que a nosa terra deixábase asimilar estúpídamente, sen azos para vivir, e que el se tiña "polo derradeiro supervivente dunha patria suicida" (10).

Diante deste mouro e noxento panorama compría actuar. Non abundaban os debuxos, comentarios desa realidade malfadada. Eran, xa que logo, unha maneira de loitar, algo asina coma unha propaganda punxente e baril, pero compría ir máis aló. Facer política. Por aqueles días (1914), recién volto de América, Antón Villar Ponte publicaba en "La Voz de Galicia" uns artigos sonados, o primeiro dos cuais levaba por título "El gallego no debe morir". Coma di Paz Andrade, aquela badalada puxo a tremer os resortes da conciencia popular (11).

No seu segundo artigo, Villar Ponte dicía que Galicia non se afirmaba porque arrenegara da súa lingua e do seu espírito, aberración que levaba ao máis absurdo dos suicidios, o suicidio colectivo. O xornalista viña desta maneira a formular o mesmo que Castelao sentía e que anos máis tarde expresará cáxeque coas mesmas palabras. Daí que non tardara en se incorporar ao movemento das Irmandades da Fala que Villar Ponte encetara. Estamos en 1915. Castelao promove a Irmandade de Pontevedra (12) e métese xa de cheo co lapis, a pruma e no mitín, na acción social e política das Irmandades. Dorandiante xa non deixará o labor político deica a súa morte.

Algúns galegos "que viven para o seu bandullo porque son ben asisados e non sofren as inquedanzas dos demais", dicíanlle:

-¿Por qué te meteches en política? A política é unha cochina e ti mellor estarías na tua casa, facendo arte.

Son galegos -contesta Castelao- e non conciben que Galicia poida salvarse cunha política honrada. Son galegos e non saben que Galicia necesita unha política súa, para conquistar o desenrolo normal da súa economía. Son galegos e non se decatan da necesidade dunha política que garantice a vida da nosa cultura. Son galegos e non saben que temos un destino histórico que comprir. Estes son os que din:

-Eu non sinto a necesidade de falar gallego (porque esa necesidade non se sente no bandullo).

-Eu atópome ben onde poida vivir con desafo (porque levan a patria na sola dos zapatos).

-Eu non creo en ninguén (porque saben que a política da disgustos).

-Eu ríome dos políticos (porque cicais non toparon a ocasión de lamberlle-los pés).

(10) Durán, *op. cit.*, p. 41.

(11) Paz Andrade, Valentín, *Castelao na luz e na sombra*, Sada, 1982, pp. 154 s.

(12) Paz Andrade, *op. cit.*, pp. 154 ss.

-Eu non pertencenzo a ningún partido (porque non queren comprometer a súa tranquilidade) (13).

Por todas esas cousas entrou na política, levado dun imperativo moral. Tiña que dar á causa de Galicia canto era e tiña e podía porque a obriga cara o seu pobo estaba por enriba de todo: das comenencias e comodidades persoais, das eivas e dificultades, dos traballos e dos disgustos. Se, nun arrouto un chisco esaxerado, declaraba terse polo derradeiro supervivente dunha patria suicida, máis adiante dirá que, anque a realidade actual da noxo, non podemos fuxir dela;

...para modelar un pobo de barro é forzoso luxarse as mans. De tal xeito se impón unha política de realidades, que os mesmos defectos deben ser cultivados para que se troquen en virtudes. Fundirse co pobo, sentir as angurias da súa resinación, infundirle conciencia da súa persoalidade e capacidade, darlle vida e arelas para prosperar (14).

O artista abandoa a súa torre de almasí e bótase pois á rua sabendo que alí lle agardan desilusións, enganos, falcatrúas, miserias e angurias. Que terá de luxarse as mans ao traballa-lo barro de que está feito o home. Pero compre loitar polo seu pobo. E dase a unha ética da acción mais non da acción pola acción senón da acción por e para a ética. E interesante a este respecto a interpretación que o noso Daniel da ao mito do Paradiso:

A serpente aconsellounos que fóramos deuses, que nonos aviñésemos a vivir na caótica e informe ánima multitudinaria. Según o mito bíblico (non esquezamos que veu de Oriente, patria de todas as resinacións) a serpente dounos un mal consello; pero *¿é* que as desventuras do home proveñen da súa intelixencia e da súa liberdade? Non sei se abolindo os anceios de superación animal chegaríamos a ser máis felices; pero nunca máis diños da divinidad. O conto é que o home -botado do Paradiso por non querer ser animal- abreu camiños, creou culturas e civilizacións e aínda hoxe está moi lonxe do fito terminal. Aínda estamos no mito da torre de Babel cando as greas de homes comezaron a falaren linguas diferentes e non se entendían. *¿Pode estimarse esta aparente desventura coma un castigo de Deus? De ningunha maneira. A variedade de culturas, de lingua, de modos de vivir e de pensar son xeitos de superación e pola loita que imponen... imos arredándonos do Paradiso. As relixións... pretenden un imposible: que retornemos ao Paradiso porque soio alí se atopa a felicidade. Mais para un occidental esta felicidade é unha renunciación ao que o home ten de divino (15).*

Pero a acción política ten as súas regras de xogo, ten as súas pexas, impón cousas que hai que aturar se se quer acadar o trunfo ou algún éxito polo menos. É unha lei da socioloxía da acción política que a pureza na conduta e a masa de afiliados están en razón inversa. Un partido ou grupo político é tanto máis puro canta menos xente ten, e ao rivés. Ora, para chegar a dirixi-lo país ou ter participación ou influxo no seu goberno é mester -nun réxime democrático- dispor dunha masa. Eis tamén eiquí un problema ético do que Castelao estivo ben consciente. El, que, para sí, era dun absoluto rigor moral, decatábase de que na vida política

(13) Castelao, *Sempre en Galiza*, Buenos Aires, 1944, pp. 11 s.

(14) Id., p. 31.

(15) Id., p. 244.

había que baixar unha miga o raseiro. Cando foi diputado das Cortes Constituintes da República -di Otero Pedrayo- "non se lle consideraba capaz de ser un político coma os demais", un político de miudencias anque "se ocupaba moito dos asuntos dos amigos, sobre todo se eran velliños de Pontevedra ou... de Rianxo que necesitaban sacar unha pensión, traballaba, insistía nos ministerios e case sempre o conseguía pola súa grande simpatía" (16). Tratábase, pois, de xestións que facía por humanidade e amizade e non con fitos electoreiros. Hai nestes casos unha zona ou terra intermedia cujos límites non é doado sinalar racionalmente.

O noso Daniel era, por temperamento e por reflexión, un home integrador. Desde sempre. Todo aquel que quixera traballar a prol de Galicia con boa intención e desinteresadamente era benvido. Nada tiña de exclusivista nin dogmático. Nin de hipercrítico. Como se sabe, a hipercrítica é moitas veces un disfraz da preguiza mental. "Non lle poñades chatas á obra", dicía xa no Album Nós, "namentras non se remata. O que pense que vai mal que traballe nela; hai sitio para todos". A laboura de soergue-la nosa terra compre a tódolos bos fillos dela e non se pode pedir que, fora dese denominador común, todos pensen do mesmo xeito. Trataríase daquela dunha secta, dunha capela, non dun movemento de masas que é o que se precisa para acadar o fito pola vía democrática.

Non se pode negar que Castelao estaba no certo. O labor do Partido Galeguista, do que el foi a alma, calcou fondo na sociedade galega e deixou bo e longo ronsel malia as pauliñas que logo lle cairon enriba. Non sen aglaio de moitos, Castelao, o artista, revelou un formidable mobilizador de masas ás que afervoaba coaquela súa voz tonante, o seu xesto nobre e ampro, o seu sorrir amigo. Tiña un aquel especial para tratar aos paisanos: "qué ben lles falaba" -di Otero Pedrayo- "cóma eles se emocioaban, cóma eles iban a el coma a un santo a levarlle os nenos para que os bicara". Por eso, en 1936, "saliu diputado por un voto inmenso, unha masa de votos que nunca se vira en Galicia" (17). Pero non era menor a atracción e simpatía que espertaba en círculos reducidos, nas tertulias de escritores ou artistas, nas conferencias ou no Parlamento, en Galicia coma en Madrid e, máis adiante, en Buenos Aires. Otero Pedrayo di que Castelao entrou nas Cortes Constituintes da República revestido dese halo misterioso que non teñen os grandes abogados nin os grandes políticos nin os grandes conselleiros de industria, senón que era un sopro puro. "E dicir, coma se nun galiñeiro revoltado aparecera un cisne" (18). Xentes de moi diversas tendencias políticas e ideolóxicas rendíanse ao seu engado. Velaí está, coma testemuña, a "acotación" que publicara no ABC Fernández Flórez -o vello amigo que entón achábase nun campo moi alonxado do seu- ao sonado discurso parlamentario en defensa dos dereitos de Galicia (19).

Castelao foi un deses homes que xurden de cando en cando nos pobos para lles revelar a súa verdadeira situación, descubrir e sinalar as súas mágoas, erros e

(16) Otero Pedrayo, *A miña amizade...*, p. 47.

(17) *Id.*, pp. 45, 49.

(18) *Id.*, p. 47.

(19) Paz Andrade, *op. cit.*, pp. 292 ss.

pecados, e proporlles ideais. Deles foron os profetas do Antigo Testamento, os oráculos da época clásica e os bardos do mundo céltico. Co seu ollar intuitivo afondan no cerne do seu pobo e enxergan unha imaxe sintética e globalizadora de el. Ese coñecimento dalles a posibilidade, e mesmo a obriga, de condenar o que está mal, e conxurar a porlle remedio. Sinalan misións e fitos a acadar e marcan os vieiros que a eles levan. E mesmo chegan a preve-lo porvir, comprindo, deste xeito, unha misión profética.

Antre nós foi Pondal un dos máis esgrevios espoñentes dese senlleiro tipo humán. Ao mesmo tempo que ceibaba o seu berro condenatorio contra o desleigamento do seu pobo, empurrábao a loitar para se librar das sua miserias, e anunciáballe un futuro de esperanza: "teus groriosos destinos / certo é doce agoirar". Hai, xa que logo, eiquí un innegable paralelismo antre Pondal e Castelao. A este, coma ao "sublime e vago", a situación presente dá-lle noxo e xulgaba que vivir nunha patria aferrollada, sen liberdade nen xusticia, era tan dooroso coma vivir no desterro (20). Por eso sentía que era mester loitar sen desmaio para tirar á terra do illó en que estaba atrancada. Este imperativo moral, ao que adicou toda a sua vida, foi tamén o fito que propuxo ás xentes do seu pobo coma un novo profeta. Pois de certo tiña, como di Otero Pedrayo, "un inquerido e auténtico acento profético" (21). Cando, en xuño de 1936, se despediu de Otero na estación do Norte de Madrid, díxolle que non voltaría nunca máis a Galicia, que ía vir unha guerra terrible, "e perderemos nós, perderemos os de esquerda". E non foi ese o único caso de vaticinios certos que el fixera (22).

O libro terceiro de "Sempre en Galiza" leva coma encabezamento uns versos de Pondal que rematan: "A luz virá para a caduca Iberia / dos fillos de Breogán". Castelao pon eses versos, sen dúbida, coma sempre lema poético pois a sua tarefa era Galicia e nada máis. Cadaquén ten de traballar o seu eido e esta é a única fórmula válida para que o mundo avante. Pero, dacordo cos principios decrarados do programa galeguista, afirma que o recoñecimento da persoalidade de Galicia e a mellora das suas condicións de vida, cultura, economía e autodeterminación política serían angueiras estériles se non estivesen inspiradas polo degoiro de integrarse na comunidade dos pobos sobre as bases do anti-imperialismo, federalismo internacional e pacifismo (23).

A finais de 1937, en plena guerra civil, Castelao áchase na beira do Mediterráneo, "este mar que non comprendo", e pensa no futuro de Galicia, nos soños que soñaban Bóveda e máis el nos días de esperanza, e que el segue a soñar. ¿Soño ou profecía? Se cadra as duas cousas, dialécticamente irmanadas. "Os soños primeiro e as ideas dispois crean feitos históricos", afirma. "E Galicia xa soñou da-bondo. Non tardará en producirse o gran acontecemento... que vai esvaer o pesadelo da miseria moral e material en que nos ensumeu o estado" (24). Eiquí seme-

(20) Castelao, *op. cit.*, pp. 12, 252.

(21) Otero Pedrayo, "Castelao ou o rumor...", p. 266.

(22) Otero Pedrayo, *A miña amizade...*, p. 49 e prólogo de Marino Dónega, p. 7.

(23) Castelao, *op. cit.*, p. 54.

(24) Castelao, *op. cit.*, p. 133.

lla xa facer profecía. E de seguida, vai sinalando as boas cousas que el ve que a nosa terra chegará a ter, coma se pintara a paisaxe da Galicia futura e felís atal coma el a enxergaba. Esta visión que nos da proiétase esencialmente cara o mundo labrego e mariñeiro que foi o que el tivo sempre no cerne da súa atención e do seu amor. É, pois, unha visión parcial anque dirixida ao máis numeroso e necesitado sector da nosa sociedade. Daí que haxa nela un certo alento bucólico, que hoxe nos semella xa unha miga anacrónico nalgunhas cousas; pois compre non esquecer que hai xa máis de medio século que encol de taes cousas matinaba. Manifestábase eso, por exemplo, cando di que ve aos homes no traballo e as mulleres no fogar e os nenos loiros e bonitos a comeren pantrigo con mel e manteiga e as mozas garridas levando cestas de liño ás fábricas de fiar e despois a teceren lenzos insuperabeis. Mais non debemos ver neste senón unha fuxida ao reino do poético, comprensible nun artista. Entroques outras das súas visións ou pre-*visións* son asisadas e realistas, coma a da mellora da vivenda e a creación de centros de insino e investigación, o que sinala encol do progreso da produción marisqueira, da repoboación forestal, do establecemento de fábricas de pasta de papel (anque non preveu o problema da contaminación) e do desenrolo doutras fontes de riqueza: en fin, unha terra farturenta "onde todos traballan e viven en paz". Mais no caso de Castelao -coma no doutros- non hai que se ater ríxidamente á letra do que dixo senón ao espírito, e axeita-las súas palabras e ideas ás mudabeis circunstancias de cada tempo. De viver el hoxe tería, sen dúbida, trocado algunhas das súas afirmacións sobre temas concretos. De certo, eso fíxoo xa varias veces ao longo da súa vida porque non era un ríxido dogmático senón vital e fundamente humano.

Por esa razón non foi un revolucionario, se por atal entendemos aquel que teima cambiar pola violencia o statu quo. Sabía moi ben no que soen rematar as revolucións montadas con moito esbardallo, axitación e arroutadas, anque programaba o dereito a resistir a opresión. Defendía unha ciruxía non traumatizadora porque sabía o alto custe que hai que pagar pola outra. Pero non era un conservador, pois non buscaba mante-lo existente, que era noxento e malo, senón, dixéramos, un restaurador, que quer devolver a Galicia a súa persoalidade secues-trada, avencellándose ao pasado auténtico e máis lonxano, anovando a verdadeira tradición axeitada, naturalmente, á situación actual. Era restaurador do bo perdido e reformador en todo o estrano ao noso ser que, en séculos malfadados, fórase impondo pola violencia, e máis aínda pola solercia, ao noso pobo.

A vida e a obra de Castelao foi esgrevio espoñente de altos valores éticos. Coma di Paz Andrade, nel aparece un trasfondo moral que denantes de el, en Galicia, só se acusaba na lírica (25). Pero o seu criterio moral non pandeaba ao estremismo, ao puritanismo nen ao unilateralismo. Anque amador da xusticia, adondábaa ca piedade e o amor e cun agudo senso da realidade, do factible. Non era, certamente, dos de "fiat ius, pereat mundus" e, pola contra, coidaba que "summum ius, summa iniuria". Nos anos do seu desterro, os últimos, levou a costas un drama que era para el coma unha cruz que pesaba na súa conciencia. Ese

(25) Paz Andrade, *op. cit.*, p. 15.

drama -confesaba- xurdía do choque de dous sentimentos. Un deles impedíalle perdoar aos asesíños e verdugos do seu pobo e empurrábalos á venganza; mailo outro non lle permitía acolle-la idea dunha xusticia instintiva, e incrinábalos á resignación e ao perdón. Decatábase de que Galicia non estaba no mesmo caso doutras terras de España onde correra o sangue dos dous bandos e podía haber unha reconciliación. En Galicia soio un miragre de bondade podería restablece-la paz dos espíritos, "pois aínda que se fixera unha xusticia estricta" -afirma- "tería tal balume que só un perverso arelaría un posto de xuez no día do xuício" (26). E o espectáculo, non pouco teatral, do xuício de Nüremberg dáballo noxo, non quería saber de el: "Verdugos, xueces empelucados, todo eso para condear á forza. A forza xa non debera existir" (27).

Para resumir a sinificanza da figura de Castelao para a nosa terra no orde da ética, empregaría a frase bíblica que el nos adicara ao pe dun debuxo publicado nun diario de Vigo cando fundamos o Seminario de Estudos Galegos: "E o pobo que andaba en tebras veu en vós unha grande luz" (Isaías, 9,2). Mais tamén podería el dicir: "Amei a xusticia e aborrecín a iniquidade; por eso morro no desterro".

(26) Castelao, *op. cit.*, p. 253.

(27) Otero Pedrayo, *A miña amizade...*, p. 51.